PLAN LINGUÍSTICO

CPI O CRUCE

1. **Xustificación legal**

2. **Contexto sociolingüístico**
   2.1. Linguas maternas do alumnado

3. **Tratamento das linguas**
   3.1. Infantil
   3.2. Primaria
      3.2.1. Primeiro ciclo
      3.2.2. Segundo ciclo
      3.2.3. Terceiro ciclo

   3.3. Secundaria
   3.4. Linguas nas que se imparten as materias lingüísticas fronte as non lingüísticas na ESO
   3.5. Etapa na que se incorpora cada lingua
   3.6. Normalización lingüística
   3.7. O plurilingüismo

4. **Recursos**
   4.1. Disponibles
      4.1.1. Persoais
      4.1.2. Físicos

5. **Obxectivos do proxecto da Biblioteca**
   5.1. Plan lector

6. **Conexión con outros axentes de aprendizaxe de linguas estranxeiras**
   6.1. Probas de certificación externas
      6.1.1. DELF: Diploma de Estudos en Lingua Francesa
      6.1.2. Probas de acreditación lingüística do ISE I, ISE II, ISE III en inglés do Trinity College of London
   6.2. Intercambios

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

6.3. Actividades complementarias

6.3.1. Xincanas culturais / Escape rooms

6.3.2. Celebracións de festividades ou commemoracións

6.4. Actividades extraescolares

6.4.1. Festival de música

6.4.2. Teatro

7. **Niveis de adquisición de competencias segundo o portfolio e o MERC (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas).**

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

1. Xustificación legal

De acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, dentro de cada centro, cada catro anos, unha comisión do profesorado do Centro, nomeada polo equipo directivo, e oída a CCP, encargarase da redacción do seu propio proxecto lingüístico de centro (PLC). Formarán parte dela, como mínimo, os/as xefes/as dos departamentos de linguas e o/a coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo. Este decreto di textualmente nos seus primeiros parágrafos o seguinte:

"As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección."

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Neste proxecto lingüístico constará a decisión respecto da lingua de impartición de cada materia, que se fará respectando a distribución marcada polo decreto:

- Infantil: O profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

  A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais,nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

- Primaria: As linguas na propia lingua de estudo, en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural e en castelán a materia de Matemáticas.
- Secundaria: As linguas na lingua de referencia, en galego as materias de Ciencias sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química.
- No resto de materias de cada curso será decidido polo centro, garantindo que as materias en galego e en castelán respecten a mesma porcentaxe de horas semanais. No caso de ser un curso con seccións bilingües ou plurilingües, a lingua estranxeira non superará un terzo das horas semanais.
- Medidas para o alumnado sen dominio suficiente das linguas.
- Os obxectivos xerais e actuacións para o fomento da lingua galega.

2. Contexto sociolingüístico

O CPI O Cruce está situado no Concello de Cerceda (A Coruña). Como tal CPI integra nun mesmo espazo as tres etapas educativas, Educación Infantil, Educación Primaria y Educaciçon Secundaria, característica que tentaremos aproveitar de xeito positivo para o desenvolvemento dos proxectos pedagóxicos a desenvolver tendo en conta unha visión máis ampla cara á planificación lingüística ao longo dos distintos cursos escolares.

É unha zona galego-falante. A lingua de relación de case a totalidade do alumnado é o galego. A lingua habitual entre a xente maior nos fogares é o galego (segundo reflicte o Mapa Sociolingüístico de Galicia no ámbito rural). Poderiamos dicir que estamos nun contorno galego falante entre as xeneracións dos avós e avoas que manteñen unha actitude favorable ao uso do galego. A presenza do castelán é escasa. Constatamos que o noso alumnado utiliza o galego para a súa comunicación cotiá, o que conleva o mantemento xeracional da lingua galega. Nembargantes, podemos constatar alumnado con exención da materia de Lingua galega debido á súa recente chegada ao noso país. Neses casos é onde se percibe a presenza do castelán no nosos Centro.

A lingua empregada polo Concello e polas entidades asociativas do contorna na comunicación cos administrados, é na súa totalidade en galego. Podemos afirmar que non existen ámbitos cunha presenza significativa do castelán.

No noso Centro, aínda que hai docentes que falan exclusivamente en castelán, o uso do galego entre o profesorado está xeneralizado, o que favorece a boa disposición que se necesita para a dinamización da nosa lingua. Hai unha porcentaxe de compañeiras e compañeiros que, falando as dúas linguas, utilizan predominantemente o castelán, outra porcentaxe exprésase exclusivamente en galego e unha grande maioría utiliza indistintamente galego ou castelán. Unha gran minoría utiliza o castelán unicamente no desenvolvemento do seu traballo no Centro.

A meirande parte do profesorado considera que ten unha capacidade alta ou media para empregar o galego na súa actividade docente.

A maioría do persoal docente manifesta ter unha actitude favorable ou moi favorable cara á utilización do galego no ámbito educativo.

O profesorado amosa a súa actitude positiva cara á normalización social do galego.

O galego é a lingua de comunicación no centro, empregada pola maioría dos membros da Comunidade Educativa (alumnos/as, mestras/es, persoal non docente, familias, ANPA,...).

Empregamos o galego nas actividades, nos documentos, notas informativas, actas de reunión, na web e nos blog,...tamén nas actividades que organizamos e nos anuncios.

3. Tratamento das linguas

3.1. Infantil

Os recursos empregados para traballar as linguas en Educación Infantil son variados, empregando todas as situacións e oportunidades que se nos presentan para practicar a lectura e a escritura. Son recursos humanos, materiais e organizativos.

- Humanos:
  - Todo o persoal do centro
  - As familias
  - Persoas de fóra do centro, como institucións, asociacións...
- Materiais:
  - Fondos da biblioteca do centro,da aula e municipais.
  - Recursos TIC. ordenadores, pizarra dixital, CD, DVD, internet...
  - Todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalisticos, publicitarios, gráficos... en soporte impreso ou electrónico, ademais dos elaborados polos propios nenos/as.

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

- Organizativos:
  - Reunións do Equipo de ciclo, do Claustro de profesores, coas familias...
  - Espazos que favorecen a lectura e escritura tranquilas: cómodos, ben iluminados, silenciosos, con materiais ao alcance de todos.

As actividades realizadas son do tipo:

- Lectura diaria de contos na aula.
- "Hora de ler", actividade a nivel de centro, onde os/as nenos/as len libros autonomamente durante 20 minutos diarios.
- Actividades e xogos de lectoescritura na asemblea: formar palabras, escribir palabras a partir das letras dos nomes, formar frases, inventar historias a partir de palabras, palabras encadeadas, rimas, adiviñas...
- Permitir a libre expresión, tanto oral como escrita, en todo momento.
- "Apadriñamento lector". Actividade na que os alumnos/as de infantil e de 5º de Primaria se contan contos mutuamente por parellas, durante a Hora de ler, un día á semana.
- "Contos en familia". Cada neno/a representa un conto coa súa familia.

3.2. Primaria

3.2.1. Primeiro Ciclo

Tal e como estipula o Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia, impártese en galego as materias de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais e, en castelán, a materia de Matemáticas.

Dito decreto establece que o resto das materias serán impartidas en lingua galega ou castelá, segundo acordo do Centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

A partir do curso académico 2022-2023, coa aplicación da nova lei educativa (LOMLOE), será necesario aplicalo ás novas materias, quedando reflectido neste proxecto o reparto de horas nos cursos impares, nos que xa se aplica a lei.

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

3.2.2. Segundo Ciclo

Seguimos o guion marcado polos libros de texto tanto en Lingua Galega como en Lingua Castelá. Os dous tratan os mesmos contidos pero en diferente orde:

1. Traballamos primeiro de forma oral, falando do tema, dunha lámina ou debuxo que se nos presenta, e traballamos unha escoita.
2. Seguimos traballando a lectura e a comprensión lectora. Facemos lecturas en voz alta, lectura persoal e escoita dun conto do CD.
3. Despois traballamos a comprensión lectora e o vocabulario novo que aparece nas mesmas.
4. Gramática. Traballamos a nivel moi básico:

- A comunicación
- A oración (suxeito e predicado)
- Tipos de oracións
- A sílaba e os seus tipos
- Substantivos e adxectivos
- Artigos
- Demostrativos
- Posesivos
- Numerais e indefinidos
- Grupo nominal
- Pronomes persoais
- O verbo
- O número, persoa e tempo
- O adverbio
- Preposicións e conxuncións

Traballamos todo tipo de textos: narracións, poesías, descricións, banda deseñada, contos, anuncios, enquisas, instrucións, correo electrónico, diario, biografía...

3.2.3. Terceiro Ciclo

Nas distintas áreas de 5º de Primaria, presentarase a información en distintos formatos: traballaremos diversos tipos de textos expositivos, narrativos, informativos ...,

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

tanto a través da lectura (silenciosa e en voz alta) como realizando composicións no caderno persoal que, en ocasións, se lerán para toda a clase.

Usaremos carteis que colgaremos na aula, noticias dos xornais ou de internet etc. Utilizarase tanto a pantalla dixital como o ordenador de xeito individual para a realización de actividades interactivas (como “Elemental querido Watson”) tamén realizaremos murais en Glogster que nos servirán de apoio visual para exposicións orais que nos servirán para o desenvolvemento de habilidades de comunicación oral, realizaremos ademais actividades de intercambio de opinións sobre diversos temas.

Usarase tanto a biblioteca da aula como a do centro para o préstamo de libros, despois da lectura dos mesmos deberase facer un rexistro e unha serie de actividades sobre o mesmo.

Nas probas escritas valorarase a ortografía, a claridade, a orde nas composicións escritas.

Os instrumentos de avaliación utilizados serán a observación (directa e indirecta) exames, autoavaliación e coavaliación.

3.3. Secundaria

Na Educación Secundaria Obrigatoria impártense en galego as materias de Ciencias da Natureza, Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía.

Do mesmo xeito, as materias de Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía son impartidas en lingua castelá.

O Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia establece, nesta mesma etapa, que o resto das materias se impartirán en galego ou castelán, segundo acordo do centro, mantendo sempre unha porcentaxe equilibrada de horas entre as dúas linguas.

Secundaria supón o final da etapa obrigatoria, na que o alumnado deberá acadar o bilingüísmo nas linguas oficiais da comunidade, ademais da adquisición dunha primeira e unha segunda lingua estranxeira: inglés e francés respectivamente, no caso do noso Centro.

3.4. Linguas nas que se imparten as materias lingüísticas fronte as non lingüísticas na ESO.

Nas materias lingüísticas respéctase o uso de cadansúa lingua, como marca a lei, e no caso das linguas estranxeiras vaise incorporando cada vez máis a oralidade na propia lingua ás explicacións, de modo que paulatinamente chegue a ser a lingua de comunicación da clase, igual que acontece coas linguas cooficiais.

3.5. Etapa na que se incorpora cada lingua

Como xa indicamos, no noso Centro a primeira lingua é o galego, polo que esa é a lingua vehicular do alumnado tanto na etapa de Infantil como en Primaria e Secundaria.

3.6. Normalización lingüística

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán, así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos. Así mesmo, establece expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos e que o alumnado ao remate dos ciclos educativos nos que o ensino do galego é obrigatorio deben coñecer esta lingua, nos seus niveis oral he escrito, en igualdade co castelán. O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sinala a necesidade pretende reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, afastado de usos sexistas e respectuoso coa situación sociolingüística na cal se enmarca cada centro. O noso centro escolar, a través do seu equipo de Dinamización da Lingua Galega, busca levar a cabo actividades motivadoras que impliquen e integren ao maior número de membros da comunidade educativa e da contorna traballando directa ou indirectamente as competencias clave e algunha área e/ou contido do currículo e tratando de converter o galego na lingua principal da vida do noso centro escolar axudando a modificar percepcións e condutas de todos os implicados no proceso educativo. O equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro foi constituído tal e como establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, e está formado por 8 profesores e 3 alumnos. Os membros, que a continuación se nomean, serán os encargados da redacción do proxecto para o fomento do uso do galego e da organización de todas as actividades que se propoñan.

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

3.7. O plurilingüismo

O noso Centro leva anos de traxectoria con materias bilingües en todas as etapas, que foron incorporándose como materias plurilingües ao longo dos últimos anos desde que o Centro foi nomeado Centro Plurilingüe no curso 2019-2020. Así impártense Educación plástica, Educación física en Infantil, Primaria e Secundaria, e Música en Secundaria. Cada unha destas materias vese reforzada coa participación dunha persoa auxiliar de conversa con cada grupo e nivel excepto en infantil por falta de horas lectivas suficientes no seu horario para cubrir as tres etapas. Tendo en conta a particularidade de ser un CPI con horarios diferentes nas distintas etapas que impiden a reunión con todo o profesorado plurilingüe e a carga horaria que lle correspondería á persoa auxiliar de conversa, sería desexable ter dúas persoas unha para Infantil e Primaria e outra para Secundaria, pero non se contempla esa posibilidade por parte da Administración.

O horario co/coa auxiliar distribúese de modo que a persoa auxiliar teña clase con cada grupo en Primaria e Secundaria nunha das materias plurilingües. Como exemplo esta é a frecuencia correspondente ao curso 22-23:

1º Primaria	Unha sesión cada dúas semanas
2º Primaria	Media sesión semanal por grupo
3º, 4º, 5º e 6º Primaria	Unha sesión semanal
1º, 2º, 3º e 4º ESO	Unha sesión semanal

Esta frecuencia pode variar cada curso en función do número de grupos por nivel, quedará reflectida na adenda específica de cada ano escolar.

4. Recursos

Podemos distinguir dous tipos de recursos:

4.1. <u>Persoais:</u>

- O centro ten profesorado con destino definitivo coa titulación correspondente (B2 ou C1 do Marco Común de Referencia para as Linguas), que os habilita para impartir as seccións plurilingües do centro.
- Auxiliar de conversa: As funcións da figura do auxiliar de coversa, veñenmarcadas por lei, e resúmense en:

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

- Horario lectivo de dezaseis horas semanais que inclúen o apoio as clases do profesorado CLIL, con prioridade, e ao profesorado especialista en linguas estranxeiras, ademais dunha hora de reunión co equipo deste profesorado CLIL e o/a coordinador/-a.

- O/A auxiliar non ten ningunha obriga coas demais funcións que desempeña o profesorado do centro (asistencia a reunións, avaliacións, gardas, etc).

- Non pode estar só/a na aula co alumnado estará sempre acompañado/a polo/a profesor/a de referencia na materia, en caso da súa ausencia polo profesor/a de garda.

- A súa vinculación co centro será do 1 deoutubro ao 31 de maio, e a persoa coordinadora das seccións, será o enlace do/a auxiliar co resto do centro e os organismos oficiais, axúdandándoo/a en todos os trámites, actividades e necesidades que poda ter na súa estancia no centro.

4.2. Físicos:

O centro dispón de múltiple material audiovisual e tecnolóxico que permite a realización de proxectos, tarefas e actividades que favorecen a competencia lingüística.

5. OBXECTIVOS DO PROXECTO DA BIBLIOTECA

5.1. Plan lector

En cumprimento da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e a súa concreción no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do CPI O Cruce, en calquera dos cursos e etapas, posúa as competencias lingüísticas precisas para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Para isto o profesorado do CPI O Cruce, comprométense a poñer todo o esforzo preciso para elevar o nivel de comprensión lectora e procurar o fomento do hábito lector entre o alumnado.

6. CONEXIÓN CON OUTROS AXENTES DE APRENDIZAXE (LINGUAS ESTRANXEIRAS)

6.1 PROBAS DE CERTIFICACIÓN EXTERNAS

6.1.1. DELF: DIPLOMA DE ESTUDOS EN LINGUA FRANCESA

Os diplomas DELF son os diplomas oficiais de lingua francesa expedidos polo Ministerio de Educación Nacional de Francia para certificar os coñecementos de francés. Son recoñecidos internacionalmente por 174 países e a súa validez é indefinida.

O alumnado dos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia pode presentarse ás probas para a obtención deste diploma ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España (SCAC) polo que se implanta o diploma DELF Escolar en Galicia.

As probas están adaptadas para o alumnado adolescente e as taxas de exame son reducidas para o alumnado, tras a sinatura do convenio de colaboración entre as autoridades educativas. Existen diferentes versións do DELF que se adaptan á idade. Miden o mesmo nivel, pero con soportes e textos distintos. O diploma en cambio é idéntico, polo que o diploma DELF Escolar ten a mesma validez oficial que o DELF para adultos. Hai 6 diplomas que corresponden aos 6 niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: A1 – A2 – B1 – B2 – C1 – C2.

No ámbito académico, as certificacións DELF favorecen a mobilidade estudantil internacional ao certificar o coñecemento en lingua francesa: o DELF B2 constitúe un acceso directo ás universidades francesas e facilita presentarse para obter unha bolsa Erasmus. As probas de acceso aos diferentes niveis son independentes e o alumno/a decide aquel no que se matricula. Cada diploma avalía as 4 destrezas lingüísticas: comprensión e expresión escritas e comprensión e expresión orais. Para obter o diploma deberanse acadar 50 puntos sobre 100 no conxunto da proba. A nota mínima en cada destreza é de 5/25. A nota dunha destreza pode compensar unha nota máis baixa noutra destreza.

En canto ás convocatorias, hai dúas convocatorias de DELF Scolaire ao ano. Galicia conta con tres centros de exame oficial. O CPI O Cruce depende da Alianza Francesa da

Coruña, polo que a realización dos exames se celebran no IES Eusebio de Guarda e na propia Alianza francesa de A Coruña a finais de abril.

6.1.2. PROBAS DE ACREDITACIÓN LINGÜÍSTICA DO ISE I, ISE II, ISE III EN INGLÉS DO TRINITY COLLEGE OF LONDON EQUIVALENTES AO B1, B2 E C1 RESPECTIVAMENTE.

Dentro das actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado organizadas pola Consellería de Educación, e da liña de actuación para o fomento e desenvolvemento de programas de plurilingüismo EDUlingüe 2030 que contempla como un dos seus obxectivos a internacionalización do sistema educativo galego, a Consellería xestiona para todo o alumnado de centros públicos ditas probas de certificación dos niveis mencionados de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa. O alumnado realizará as probas correspondentes segundo o nivel aconsellado pola súa profesora de inglés. As probas realízanse durante o curso escolar no noso centro se o número de alumnado participante permite ser centro examinador, ou no centro que designe a propia organización en A Coruña, de non chegar a ese mínimo. As probas avalían a comprensión e expresión oral e escrita, realízanse en dúas sesións en días diferentes, unha adicada á parte escrita, a outra a oral, O alumnado recibe a certificación por cada parte superada pero non obterá o título completo do nivel se non supera todas as probas. Ten a posibilidade de repetir no curso a proba non superada no caso de ter aprobada a outra parte. O custo das probas é sufragado pola Consellería cun orzamento de 100€ por proba e alumno/a.

A importancia da obtención destas certificacións reside nas vantaxes que ofrece ao alumnado cara a futuras mobilidades e intercambios nos seus estudos, acceso a becas e axudas, e requisitos mínimos esixibles para certificación de determinados estudos ou acceso ao mercado laboral.

6.2. INTERCAMBIOS

Os Departamento de Linguas Estranxeiras consideran fundamental o feito de poder poñer en contacto ao alumnado con falantes nativos da lingua que están aprendendo, coa finalidade de espertar o seu interese polo outro país e motivalos na aprendizaxe do seu

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

idioma. Así, por unha banda, van ter un contacto directo coa lingua francesa para seguir aprendendo a lingua e estar en contacto con locutores nativos. E por outra banda, van promover e crear novas oportunidades para o aprendizaxe dos idiomas.

Por iso o obxectivo destes intercambios educativos é non só o desenrolo de competencias en lingua española e francesa/inglesa do alumnado, favorecendo o coñecemento e a difusión das linguas e culturas de ambos países, senón tamén se trata dunha experiencia persoal única que permite establecer relacións de colaboración, creando un lazo que perdure no tempo.

Estes intercambios poden realizarse desde distintos ámbitos, programas e con diferentes modalidades. A Consellería de Educación promove os intercambios lingüísticos e culturais presenciais e en liña a través do programa EduExchanges e programa de intercambio con alumnado de centros educativos franceses da Région Académique Bretagne.

Desde o noso Centro, os Departamentos de Linguas Estranxeiras xa participan ou o farán sempre que teñan a oportunidade.

6.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

6.3.1 XINCANAS CULTURAIS / ESCAPE ROOMS

Unha xincana cultural consiste nunha sucesión de preguntas encadeadas sobre distintos aspectos da cultura (historia, xeografía, política, deportes,…) onde a resposta dunha leva ao inicio da seguinte. Todas as preguntas están repartidas polo centro ou o espazo onde ten lugar.

Con actividades deste tipo preténdese romper coa rutina e motivar ao alumnado espertando o seu interese e curiosidade pola lingua e cultura da lingua estranxeira e promovendo o espírito de colaboración e traballo en grupo.

6.3.2 CELEBRACIÓNS DE FESTIVIDADES OU COMMEMORACIÓNS

Desde os Departamentos de Linguas Estranxeiras traballamos o coñecemento da cultura e tradicións dos países francófonos e anglosaxóns como vehículo condutor de

valores culturais, sociais e educativos, non só desde a perspectiva do plurilingüismo, se non cara ao respecto das diferenzas culturais e enriquecemento persoal. Por iso levamos a cabo as seguintes celebracións:

- Día europeo das linguas
- Halloween
- Guy Fawkes Night
- Remembrance Day
- Día de acción de gracias
- Nadal
- Celebración da Candelaria (La Chandeleur)
- Día de San Valentín
- Celebración dos pancakes (Pancake Day)
- Día de San Patricio
- Celebración do Poisson d'avril
- Semana da Francofonía
- Pascua
- Día do Libro

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE

6.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

6.4.1 FESTIVAL DE MÚSICA

O obxectivo é promover a lingua francesa/inglesa e dar a coñecer a creación cultural e artística do mundo francófono/anglosaxón. As cancións permítelles coñecer ao alumnado a lingua real falada fóra do contexto da clase, sendo unha forma de aprender y de realizar una inmersión na cultura do país. Por iso cada grupo canta e interpreta unha canción previamente seleccionada e traballada na clase.

6.4.2 TEATRO

O obxectivo principal da asistencia a obras teatrais é mellorar a comprensión oral na lingua estranxeira posta en contexto e tomar contacto coa cultura e literatura da correspondente lingua, ademais de promover o gusto polo teatro.

Habitualmente están baseadas na historia orixinal dalgunha obra relevante e son representadas integramente en francés/inglés, ou en francés/inglés (70%) e en español (30%).

O CRUCE

6.5 PLAN PROXECTA (METEOESCOLAS / QUÉROTE+...)

O programa METEOESCOLAS consiste en desenvolver un proxecto interdisciplinar relacionado coa meteoroloxía e o clima en Galicia, a partir da observación meteorolóxica.

O Departamentos de Linguas Estranxeiras promove a elaboración dun traballo en equipo no que está directamente involucrado o alumnado do centro, no que terán que realizarse distintas actividades en francés/inglés, directamente relacionadas coa meteoroloxía e o clima.

O programa QUÉROTE+ consiste en desenvolver un proxecto relacionado coa educación sexual. Con el preténdese o desenvolvemento persoal do alumnado no seu proceso de crecemento e maduración no ámbito da educación para a convivencia entre os sexos (educación sexual, modelos de amor e de parella, uso das tecnoloxías nas relacións.

Os Departamento de Linguas Estranxeiras encárganse de varias unidades didácticas, deseñadas para desenvolverse co alumnado do centro.

C.P.I. PLURILINGÜE

7. Niveis de adquisición de competencias segundo o portfolio e o MERC (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas)

O Marco común europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensinanza, avaliación, publicado en 2001, é o resultado de mais de dez anos de investigación levada a cabo por especialistas lingüistas de corenta e un países estados membros do Consello de Europa. (Pódese consultar na seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/file/2010/05/27/marcoeuropeocomun.pdf).

O Marco de referencia foi elaborado como unha reflexión sobre obxectivos e metodoloxía do ensino e aprendizaxe das linguas, para propiciar non só a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural.

O Marco común europeo de referencia para as linguas, é, por tanto, un documento que proporciona unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais e materiais de ensinanza en Europa.

O CRUCE
C.P.I. PLURILINGÜE